




# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



As normas de xestión académica aprobadas por Xunta de Goberno e a resolución rectoral do 21 de xullo de 1998 que regula a convocatoria de matrícula para o curso 1998/99 establecen os requisitos que deberán reunir os estudantes que desexen presentarse ós exames Fin de Carreira, non facendo diferenciación entre os alumnos que están a realizar planos vellos de planos renovados.

A estruturación dos planos renovados en créditos así como a flexibilidade que o alumno ten para configurar o seu curriculum mediante a realización de prácticas en empresas, seminarios e actividades académicas, traballos académicamente dirixidos, etc que pode aplicar a créditos de libre configuración obriga a que os requisitos que se esixan para os planos renovados estean referidos á créditos e non a materias.

**Por todo o indicado RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Poderán realiza-la matrícula para concorrer os exames fin de carreira os alumnos de planos renovados que o inicio do curso 1998/99 lles reste, para finalizar os seus estudos, un número de créditos igual ou inferior ó 50 % da carga lectiva vinculada o último curso da titulación. Se non figura a carga lectiva por curso e si por ciclo esta dividirase polo número de anos do ciclo e o 50 % do resultado serán os créditos que, como máximo, lle poden quedar ó alumno para concorrer a estes exames.

**SEGUNDO.-** A matrícula deberá facela da totalidade dos créditos que lle resten para a conclusión dos estudos

**TERCEIRO.-** Deixase sen efectos o apartado a) requisitos da norma novena da resolución do 21 de xullo de 1998 que regula a convocatoria de matrícula e mailo apartado 15.1 das Normas de xestión académica para os alumnos dos planos renovados.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 1998

O RECTOR,



Darío Villanueva Prieto.

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓN, SR. SECRETARIO XERAL, SRS. DECANOS E DIRECTORES DE CENTRO, SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR. DIRECTOR DO COIE, SRS/A XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA.